
ACTA DO SORTEO PÚBLICO.
ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS DO CURSO 2026/2027

Dado que hai máis solicitantes que prazas concedidas para participar nas actividades das Escolas deportivas e culturais do Concello de Melide para o curso 2026/2027, faise o sorteo público perante o secretario accidental do Concello de Melide, Jesús Manuel Cea Vázquez con data 18 de setembro de 2026, ás 12:00 h no salón de Plenos da casa do Concello de Melide.

A letra resultante do sorteo é a **T**

Segundo a modificación da Ordenanza 28.1 de prezos públicos das escolas deportivas e culturais do Concello de Melide publicada no BOP núm 181 de data 23 de setembro de 2025 que di de maneira literal:

“Cuarto: Admisión de participantes. Terán prioridade sempre as persoas empadroadas no Concello de Melide.

(...) A partir do sorteo, confeccionaranse as listas de admitidos e lista de agarda ordenando aos solicitantes por orde alfabético tendo en conta a letra do sorteo e a primeira letra do primeiro apelido. As listas publicaranse no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Melide antes do comezo das actividades”.

Melide, 18 de setembro de 2026

Jesús Manuel Cea Vázquez

Secretario accidental do Concello de Melide